

2

EMPREGO

2.1.- Actividade, ocupación e desemprego

2.2.- Relacións laborais

2.1

Actividade, ocupación e desemprego

O mercado laboral galego mostra, por primeira vez dende o comezo da crise económica, un aumento do nivel de ocupación, dentro dun contexto de recuperación máis lenta que o promedio nacional.

Os datos de afiliación á Seguridade Social mostran tamén a recuperación tardía do mercado laboral galego, con incrementos interanuais do 2,1% fronte a taxas superiores ao 3% de media no Estado (**cadro 2.2.1.**).

No ano 2015, o mercado de traballo galego caracterizouse por un descenso apreciable da poboación activa moi superior ao descenso medio do Estado, pola sinalada recuperación do emprego, e, pola continuidade na tendencia iniciada no exercicio anterior, de redución no número de persoas desempregadas. Sen embargo o grupo de desempregados en Galicia segue caracterizándose por unha elevada porcentaxe de desemprego de longa duración, de xeito que máis do 43% dos desempregados estimados en Galicia no ano 2015, levan dous ou máis anos na procura de emprego. A taxa de

paro estimado para Galicia no ano 2015 sitúase no 19,3%, 2,8 puntos porcentuais por debaixo da media estatal e 2,4 puntos menos que a taxa estimada en Galicia no ano anterior.

Os indicadores do mercado laboral que analizaremos ao longo do presente capítulo, confirman a continuidade da recuperación da economía galega, en base a un aumento no emprego asalariado no sector privado, que compensa a corrección que se produce no emprego público. Neste senso, en Galicia a relevancia do emprego público é superior ao promedio estatal.

Afiliacións á Seguridade Social

Por segundo ano consecutivo, e despois de descensos continuados dende o ano 2008, o número medio de afiliados medra en Galicia, acadando as 941.192 persoas en alta laboral na Seguridade Social de media no ano 2015, un 2,1% máis que no ano anterior (19.400 afiliados máis). A afiliación en Galicia no ano 2015 segue sendo un 12,2%

Mercado de traballo 2008-15: principais indicadores

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	15/14	15/08
	(en miles de persoas)								(%)	
Afiliados á Seguridade Social	1.072,5	1.034,5	1.012,8	985,9	946,2	917,4	921,8	941,2	2,1	-12,2
Poboación maior 16 anos	2.401,1	2.407,0	2.406,9	2.403,5	2.395,2	2.382,3	2.368,6	2.358,2	-0,4	-1,8
Poboación activa	1.314,8	1.319,5	1.304,4	1.316,6	1.317,7	1.290,9	1.273,9	1.260,7	-1,0	-4,1
Poboación ocupada	1.201,2	1.155,4	1.104,5	1.089,3	1.047,2	1.006,4	998,0	1.017,2	1,9	-15,3
Poboación parada	113,6	164,1	199,9	227,2	270,5	284,6	275,8	243,4	-11,7	114,3
Poboación parada moi longa duración ⁽¹⁾	14,7	14,2	35,3	52,0	76,3	100,2	109,9	105,4	-4,1	618,2
	(%)								(puntos porcentuais)	
Taxa de actividade	54,8	54,8	54,2	54,8	55,0	54,2	53,8	53,5	-0,5	-1,3
Taxa de ocupación	50,0	48,0	45,9	45,3	43,7	42,2	42,1	43,1	2,3	-6,9
Taxa de paro	8,6	12,4	15,3	17,3	20,5	22,0	21,7	19,3	-10,9	10,7
Taxa de paro xuvenil (menores 25 anos)	21,1	30,4	35,4	37,7	45,2	49,9	48,5	43,6	-10,1	22,5
Taxa de temporalidade (%)	30,4	26,5	25,0	24,5	22,9	22,8	22,8	25,4	11,4	-5,0
	(en miles de persoas)								(%)	
Paro rexistrado	162,5	206,2	226,2	241,3	270,5	276,0	257,0	233,4	-9,2	43,6
Contratos iniciais indefinidos	46,4	37,5	32,5	28,5	30,5	31,5	39,7	40,7	2,4	-12,4
Contratos iniciais temporais	706,1	616,1	620,6	617,8	610,2	653,0	724,4	813,0	12,2	15,1
Contratos convertidos en indefinidos	41,7	29,6	27,6	25,2	21,6	22,3	22,1	24,2	9,5	-42,0

(1) máis de dous anos

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE e Ministerio de Empleo y Seguridad Social

2.1.1.

inferior á rexistrada no ano 2008, o que se traduce en 131 mil afiliados menos.

A afiliación á Seguridade Social en Galicia no ano 2015 medrou un 2,1%, fronte ao 3,2% de incremento no conxunto de España, en liña co menor dinamismo da actividade na Comunidade.

Na evolución da afiliación ao longo do ano 2015, podemos destacar dous feitos, en primeiro lugar, o dinamismo da afiliación foi relativamente constante ao longo do ano, e, en segundo lugar, agás o sector primario, todos os sectores, e as catro provincias, contribúen positivamente ao crecemento da afiliación.

A desagregación da afiliación por provincias, mostra que no ano 2015 onde máis se incrementou a afiliación en termos absolutos foi na provincia de A Coruña, con 8.750 persoas máis en alta laboral na Seguridade Social, seguida da provincia de Pontevedra, que con 7.790 altas máis (**cadro 2.1.2.**), é onde se rexistra o maior incremento en termos porcentuais (2,5%).

A moderada recuperación do número de afi-

liados á Seguridade Social nos últimos dous anos mitiga levemente a forte perda de afiliados acaecida nos anos de crise económica, un perda que no conxunto de Galicia foi de máis de 130 mil afiliados (2008-2015), perdas que, en termos absolutos, están localizadas fundamentalmente na provincia de Pontevedra (59 mil afiliados menos) e A Coruña (43 mil afiliados menos).

Os sete grandes concellos galegos (A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo) suman o 37,2% dos traballadores residentes afiliados á Seguridade Social en Galicia, sendo Vigo, con 102.137, e A Coruña, con 86.064, os concellos onde residen un maior número de afiliados.

No que respecta á distribución da afiliación nos distintos reximes, en 2015 setenta e cinco de cada cen traballadores afiliados en alta laboral pertencían ao réxime xeral e 23 de cada 100, ao réxime especial dos traballadores autónomos. En termos absolutos, un total de 702.741 persoas estaban afiliadas no réxime xeral, 18.565 persoas máis

Afiliados en alta laboral na Seguridade Social en Galicia e España 2008-15 ⁽¹⁾

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España	Galicia /España
	(en miles de persoas)						(%)
2008	1.072,5	445,9	133,1	111,4	382,1	19.005,6	5,64
2009	1.034,5	433,5	129,4	108,6	362,9	18.020,5	5,74
2010	1.012,8	426,9	126,8	106,7	352,4	17.670,4	5,73
2011	985,9	417,2	124,3	104,4	340,1	17.433,2	5,66
2012	946,2	402,4	119,3	100,4	324,2	16.853,2	5,61
2013	917,4	391,2	114,8	98,0	313,4	16.299,5	5,63
2014	921,8	393,9	115,0	98,2	314,8	16.556,0	5,57
2015	941,2	402,6	116,8	99,2	322,6	17.087,3	5,51
xaneiro	915,1	392,2	113,6	97,5	311,3	16.589,7	5,52
febreiro	918,6	394,7	113,9	97,2	312,7	16.705,4	5,50
marzo	922,7	395,6	114,4	97,5	315,1	16.826,4	5,48
abril	928,4	398,1	115,2	98,0	317,2	16.980,8	5,47
maio	939,3	402,0	116,4	98,8	322,1	17.248,3	5,45
xuño	938,2	399,5	116,3	98,8	323,7	17.075,0	5,49
xullo	955,9	407,1	119,2	100,3	329,2	17.127,9	5,58
agosto	953,3	405,4	119,2	100,9	327,9	16.983,3	5,61
setembro	948,3	405,4	118,2	100,2	324,5	17.072,6	5,55
outubro	948,3	407,0	117,6	99,9	323,7	17.209,0	5,51
novembro	946,9	405,6	117,0	99,3	325,0	17.208,8	5,50
decembro	934,0	400,0	116,4	98,6	319,0	17.180,6	5,44
	(taxas de variación interanual)						
15/14	2,1	2,2	1,5	1,1	2,5	3,2	
xaneiro	1,8	1,8	1,4	1,5	1,8	3,0	
febreiro	1,9	2,2	1,5	0,8	2,0	3,3	
marzo	1,9	2,1	1,1	1,0	2,1	3,4	
abril	2,4	2,8	1,7	1,6	2,6	3,4	
maio	2,4	2,4	1,6	1,4	3,1	3,6	
xuño	2,1	1,8	1,2	1,3	3,1	3,1	
xullo	2,2	2,4	1,6	1,3	2,5	3,1	
agosto	1,4	1,5	1,0	0,7	1,6	2,2	
setembro	1,8	2,4	1,5	0,2	1,7	3,1	
outubro	2,3	2,6	1,8	1,3	2,6	3,8	
novembro	2,0	1,9	1,8	0,9	2,4	2,9	
decembro	2,0	2,2	1,6	0,6	2,4	3,2	
15/08	-12,2	-9,7	-12,3	-10,9	-15,6	-10,1	

(1) datos anuais: en medias anuais; datos mensuais: último día de cada mes

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Afiliación de trabajadores a la Seguridad Social*

2.1.2.

que no ano anterior, e 217.546 traballadores o estaban no réxime especial de autónomos, 1.486 máis que no ano precedente (**cadro 2.1.3.**). Co 23,1% do total de afiliados á Seguridade Social en Galicia no ano 2015, o réxime especial de autónomos aporta o 7,7% do incremento experimentado na afiliación no último ano, fronte ao 48,8% do ano anterior.

Tal como se sinala anteriormente, todos os sectores produtivos, agás o primario, contribúen en positivo ao crecemento da afiliación. O **gráfico 2.1.4.** reflicte o incremento

na afiliación no último ano no sector servizos e construción, e, con menor intensidade, na industria. O sector servizos incrementa o total de afiliados un 2,5% en relación ao ano anterior (2% de incremento medio en Galicia). Este incremento supón en torno a 16.000 afiliados máis, e que sitúa á afiliación no sector en 2015, por riba da rexistrada no ano 2009, ano de referencia debido ao cambio na clasificación nacional de actividades económicas (CNAE), da CNAE 93 á CNAE09. A construción incrementa a súa afiliación nun 2,4%, acadando 73 mil afiliados, lonxe dos máximos rexistrados

Afiliados en alta laboral na Seguridade Social 2008-15 (1): distribución segundo réxime

	2008	2009	2010	2011	2012 (2)	2013	2014	2015	15/14
									(%)
Total	1.077.918	1.034.468	1.012.789	985.950	946.229	917.355	921.838	941.192	2,1
Réxime Xeral (2)	790.747	755.564	740.686	718.228	699.697	681.384	684.176	702.741	2,7
agás S.E. Agrario e R.E.E. fogar	790.747	755.564	740.686	718.228	678.793	649.550	652.181	670.357	2,8
S.E. Agrario	-	-	-	-	4.759	4.455	4.525	4.857	7,3
S.E.E. Fogar	-	-	-	-	16.145	27.379	27.470	27.527	0,2
Réxime Especial Autónomos	236.669	229.042	222.992	218.964	215.867	213.870	216.060	217.546	0,7
non S.E.T.A	..	188.726	185.989	184.396	183.112	182.686	186.238	188.965	1,5
S.E.T.A	..	40.316	37.003	34.568	32.754	31.184	29.822	28.581	-4,2
Réxime Especial Agrario	4.480	4.475	4.548	4.743	-	-	-	-	-
conta allea	4.480	4.475	4.548	4.743	-	-	-	-	-
conta propia	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Réxime Especial do Mar	25.563	24.718	24.127	23.661	23.079	22.100	21.602	20.906	-3,2
conta allea	14.385	13.801	13.529	13.366	13.041	12.469	12.126	11.852	-2,3
contra propia	11.178	10.916	10.598	10.295	10.038	9.632	9.476	9.054	-4,5
Réxime Minería do Carbón	41	18	12	7	1	-	-	-	-
Réxime Especial Empleados Fogar	20.417	20.651	20.424	20.346	7.585	-	-	-	-
Continuos	12.332	12.410	12.019	11.897	4.087	-	-	-	-
Discontinuos	8.086	8.242	8.404	8.449	3.498	-	-	-	-


(1) medias anuais

(2) no 2012 o Réxime Xeral incorpora ao R.E. Agrario e ao R.E.E. Fogar (a extingui)

Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

2.1.3.

Afiliacións á Seguridade Social 2009-15 (1): distribución segundo sectores de actividade



(1) taxas de variación das medias anuais CNAE 2009

Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

2.1.4.

Afiliacións á Seguridade Social 2014-15: distribución segundo principais ramas de actividade ⁽¹⁾

	2014	2015	15/14
			(%)
47 Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	104.308	105.644	1,3
56 Servizos de comidas e bebidas	61.291	63.084	2,9
86 Actividades sanitarias	55.821	56.870	1,9
84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	55.114	55.444	0,6
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	45.456	46.163	1,6
43 Actividades de construción especializada	43.843	45.632	4,1
01 Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	40.487	39.677	-2,0
85 Educación	37.738	39.204	3,9
49 Transporte terrestre e por tubaxe	29.687	30.337	2,2
97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	28.030	28.074	0,2
10 Industria da alimentación	27.131	27.800	2,5
81 Servizos a edificios e actividades de xardinaria	24.420	24.955	2,2
41 Construción de edificios	23.559	23.504	-0,2
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	20.700	21.057	1,7
03 Pesca e acuicultura	19.500	18.811	-3,5
96 Outros servizos persoais	17.388	17.950	3,2
25 Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento	13.569	14.007	3,2
29 Fabricación de vehículos e motor, remolques e semirremolques	13.658	13.441	-1,6
69 Actividades xurídicas e de contabilidade	13.426	13.368	-0,4
82 Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas	10.396	11.551	11,1
88 Actividades de servizos sociais sen aloxamento	9.790	10.982	12,2
71 Servizos técnicos de arquitectura e enerxía, ensaios e análises técnicas	10.573	10.780	2,0
52 Almacenamento e actividades anexas ao transporte	9.912	10.095	1,8
87 Asistencia en establecementos residenciais	9.762	10.058	3,0
64 Servizos financeiros, salvo seguros e fondos de pensións	10.452	10.012	-4,2
78 Actividades relacionadas co emprego	7.779	9.391	20,7
14 Confección de roupa de vestir	9.500	9.360	-1,5
55 Servizos de aloxamento	8.435	8.700	3,1
93 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	7.781	8.249	6,0
16 Industria da madeira e da cortiza, salvo mobles; cestería e espartaría	7.894	7.937	0,5
62 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	6.294	7.579	20,4
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	6.684	6.780	1,4
94 Actividades asociativas	6.726	6.756	0,4
74 Outras actividades profesionais, científicas técnicas	6.056	6.604	9,0
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	5.651	6.344	12,3
66 Actividades auxiliares dos servizos financeiros e aos seguros	6.095	6.203	1,8
30 Fabricación doutro material de transporte	5.873	6.012	2,4
80 Actividades de seguranza e investigación	4.964	4.977	0,3
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	4.289	4.476	4,36
95 Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	4.608	4.453	-3,36
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n	4.300	4.330	0,70

(1) ramas CNAE 2009; dende o ano 2009.
Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

2.1.5.

antes da crise económica. Finalmente o sector industrial, con dous mil afiliados máis suma 133 mil, compensando a caída de afiliación rexistrada no ano anterior, e recuperando o nivel do ano 2013.

O sector primario reduce nun 1,6% o seu número de afiliados, en torno a mil menos que en 2014, acadando as 62 mil persoas en alta na Seguridade Social.

Atendendo á desagregación segundo ramas de actividade, aquelas que no ano 2015

teñen máis de 10.000 afiliados acollen en conxunto o 79,5% da afiliación en Galicia. O **cadro 2.1.5.** reflicte que o crecemento en conxunto da afiliación, concéntrase nas actividades de comercio (2.043 afiliacións máis), servizos de comidas e bebidas (1.793 máis), de construción especializada (1.789), de actividades relacionadas co emprego (1.612 máis) e da Educación (1.466 máis). Por contra, salientan as caídas na afiliación na agricultura, gandería, caza e servizos relacionados (810 afiliacións menos).

Poboación maior de 16 anos en Galicia e España 2015: distribución segundo sexo e a súa relación coa actividade económica

Ámbolos dous sexos

	Poboación > 16 anos	Activos	Poboación ocupada	Poboación parada	Parados que xa traballaron	Parados que buscan primeiro emprego	Poboación inactiva	Taxa actividade	Taxa ocupación	Taxa paro
	(en miles de persoas)							(%)		
Galicia	2.358,2	1.260,7	1.017,2	243,4	220,3	23,1	1.097,5	53,5	43,1	19,3
A Coruña	973,3	532,7	439,9	92,8	83,7	9,1	440,6	54,7	45,2	17,4
Lugo	298,4	154,9	130,2	24,7	22,0	2,7	143,5	51,9	43,6	15,9
Ourense	279,2	133,4	106,2	27,2	24,1	3,0	145,8	47,8	38,0	20,4
Pontevedra	807,4	439,8	341,0	98,8	90,5	8,3	367,6	54,5	42,2	22,5
España	38.497,6	22.922,0	17.866,1	5.056,0		534,1	15.575,5	59,5	46,4	22,1
	(%)									
Galicia / España	6,1	5,5	5,7	4,8		4,3	7,0			
15/14										
Galicia	-0,4	-1,0	1,9	-11,7	-12,1	-9,1	0,3			
España	0,0	-0,1	3,0	-9,9		-3,1	0,1			

Homes

	Poboación > 16 anos	Activos	Poboación ocupada	Poboación parada	Parados que xa traballaron	Parados que buscan primeiro emprego	Poboación inactiva	Taxa actividade	Taxa ocupación	Taxa paro
	(en miles de persoas)							(%)		
Galicia	1.129,0	661,6	538,2	123,4	112,4	11,0	467,4	58,6	47,7	18,7
A Coruña	463,4	278,7	231,3	47,4	42,9	4,5	184,7	60,1	49,9	17,0
Lugo	144,1	81,1	68,8	12,3	11,3	1,1	63,0	56,3	47,7	15,2
Ourense	134,0	67,9	54,6	13,2	11,9	1,4	66,2	50,7	40,7	19,4
Pontevedra	387,4	233,9	183,5	50,5	46,4	4,1	153,5	60,4	47,4	21,6
España	18.753,2	12.319,6	9.760,4	2.559,3		248,9	6.433,6	65,7	52,0	20,8
	(%)									
Galicia / España	6,0	5,4	5,5	4,8		4,4	7,3			
15/14										
Galicia	-0,5	-1,1	2,7	-14,7	-15,8	-0,9	0,5			
España	-0,1	-0,3	3,4	-12,2		-0,8	0,3			

Mulleres

	Poboación > 16 anos	Activos	Poboación ocupada	Poboación parada	Parados que xa traballaron	Parados que buscan primeiro emprego	Poboación inactiva	Taxa actividade	Taxa ocupación	Taxa paro
	(en miles de persoas)							(%)		
Galicia	1.229,2	599,1	479,0	120,0	107,9	12,1	630,1	48,7	39,0	20,0
A Coruña	509,9	254,0	208,6	45,4	40,8	4,6	255,9	49,8	40,9	17,9
Lugo	154,2	73,8	61,4	12,4	10,8	1,6	80,5	47,9	39,8	16,8
Ourense	145,1	65,5	51,6	13,9	12,3	1,7	79,6	45,1	35,6	21,2
Pontevedra	419,9	205,8	157,5	48,3	44,1	4,2	214,1	49,0	37,5	23,5
España	19.744,3	10.602,4	8.105,7	2.496,7		285,2	9.141,9	53,7	41,1	23,5
	(%)									
Galicia / España	6,2	5,7	5,9	4,8		4,2	6,9			
15/14										
Galicia	-0,4	-1,0	1,1	-8,5	-7,8	-14,8	0,1			
España	0,0	0,1	2,6	-7,3		-5,0	0,0			

Fonte: INE-IGE, EPA

2.1.6.

Poboación activa en Galicia e España 2008-15: distribución segundo nacionalidade e sexo

	2008	Total 2014	2015	15/08
Total		<i>(en miles de persoas)</i>		<i>(%)</i>
España	23.065,6	22.954,6	22.922,0	-0,6
Galicia	1.314,8	1.273,9	1.260,7	-4,1
Homes				
España	13.124,8	12.359,2	12.319,6	-6,1
Galicia	725,6	668,9	661,6	-8,8
Mulleres				
España	9.940,8	10.595,5	10.602,4	6,7
Galicia	589,1	605,0	599,1	1,7

	2008	Españois 2014	2015	15/08
Total		<i>(en miles de persoas)</i>		<i>(%)</i>
España	19.628,5	20.138,1	20.177,4	2,8
Galicia	1.253,1	1.214,8	1.206,6	-3,7
Homes				
España	11.209,2	10.885,8	10.887,7	-2,9
Galicia	694,4	638,3	634,8	-8,6
Mulleres				
España	8.419,4	9.252,3	9.289,7	10,3
Galicia	558,7	576,5	571,8	2,3

	2008	Estranxeiros 2014	2015	15/08
Total		<i>(en miles de persoas)</i>		<i>(%)</i>
España	3.437,1	2.816,6	2.744,6	-20,1
Galicia	61,7	59,0	54,1	-12,4
Homes				
España	1.915,6	1.473,4	1.431,9	-25,3
Galicia	31,3	30,6	26,8	-14,3
Mulleres				
España	1.521,4	1.343,2	1.312,8	-13,7
Galicia	30,5	28,4	27,3	-10,3

Fonte: INE, EPA

● 2.1.7.

Emprego segundo a EPA

A Enquisa de Poboación Activa en Galicia no ano 2015 mostra un cambio no panorama xeral do emprego, cun aumento, por primeira vez nos últimos oito anos, da poboación ocupada, así como cunha redución da poboación parada estimada. A recuperación do mercado laboral segue condicionada pola redución da poboación activa e da taxa de actividade, así como pola temporalidade na contratación e a curta duración dos contratos.


● Poboación activa

A poboación activa galega no ano 2015 reduciuse un 1%, fronte ao descenso do 0,1%

de media no estado. Segundo a EPA, a poboación activa galega era de 1.260.700 persoas no ano 2015, 13.200 activos menos que no ano anterior, dos que 661.600 son homes e 599.100 mulleres. O descenso da poboación activa en Galicia é xeneralizado en canto a sexo e nacionalidade, reducíndose tanto os activos nacionais como estranxeiros e tanto homes coma mulleres.

Dende o ano 2008, a poboación activa descende en 54.100 persoas, un 4,1%, unha caída que afecta fundamentalmente a homes (64.100 activos menos) e a mulleres de nacionalidade estranxeira (3.200 activas menos), fronte ao incremento das mulleres activas de nacionalidade española (13.100 activas máis).

Taxas de actividade en Galicia e España 2008-15: distribución segundo sexos



Fonte: INE, EPA

● 2.1.8.

A poboación activa feminina no período 2008-2015 medra no conxunto do Estado un 6,7%, sendo esta taxa de crecemento do 1,7% (10.000 mulleres) en Galicia. Asemade, o **cadro 2.1.7.** reflicte que mentres que en Galicia se produce un descenso da poboación activa española e estranxeira (46.500 e 7.700 activos menos, respectivamente), no conxunto do Estado tan só se reduce a poboación activa estranxeira (20,1%), fronte ao aumento na poboación activa de nacionalidade española (2,8%).

Finalmente, o **gráfico 2.1.8.** reflicte que no período 2008-2015 as taxas de actividade en Galicia e en España se manteñen en niveis en torno ao 54% e o 59%, respectivamente. O descenso na taxa de actividade galega en relación á existente no ano 2008 prodúcese a pesar do descenso no total de poboación maior de 16 anos (1,8% menos en 2015 en relación á rexistrada en 2008), a causa da maior intensidade na caída da poboación activa no mesmo período (4,1%).

● Poboación ocupada

O xa citado incremento da poboación ocupada no último ano, fai que se estimen en Galicia 1.017.200 ocupados.

En relación ao ano anterior, a taxa de variación da poboación sitúase no 1,9%, o que supón o primeiro incremento da poboación ocupada dende o ano 2008, en torno a dezaoz mil ocupados máis que no ano anterior. En España no último ano a poboación ocupada medra un 3%, 522 mil ocupados máis que en 2014.

Das 19.200 persoas ocupadas máis en 2015 en Galicia, 13.900 son homes, o que supón un aumento do 2,7% na ocupación masculina fronte ao 1,1% de aumento na poboación ocupada feminina (5.300 persoas). A taxa de ocupación en Galicia situouse no último ano no 43,1%, sendo esta taxa de 47,7% no caso dos homes, case nove puntos superior á estimada para a ocupación feminina (39%).

Os incrementos de ocupación concéntranse no grupo de persoas maiores de 25 anos, en concreto nos homes con idades comprendidas entre 25 e 54 anos (12.100 ocupados máis) e nas mulleres maiores de 55 anos (8.300 ocupadas máis) (**cadro 2.1.9.**).

O grupo de idade cun maior aumento en termos absolutos na súa ocupación con 11.000 ocupados máis, foi o das persoas maiores

Poboación maior de 16 anos 2014-15: distribución segundo sexo, idade e a súa relación coa actividade económica

	2014			2015			15/14			Galicia / España 2015		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
	(en miles de persoas)						(%)					
Total												
Total	2.368,6	1.134,2	1.234,4	2.358,2	1.129,0	1.229,2	-0,4	-0,5	-0,4	6,1	6,0	6,2
Activos	1.273,9	668,9	605,0	1.260,7	661,6	599,1	-1,0	-1,1	-1,0	5,5	5,4	5,7
Poboación ocupada	998,0	524,3	473,7	1.017,2	538,2	479,0	1,9	2,7	1,1	5,7	5,5	5,9
Poboación parada	275,8	144,6	131,2	243,4	123,4	120,0	-11,7	-14,7	-8,5	4,8	4,8	4,8
Parados que xa traballaron	250,5	133,5	117,0	220,3	112,4	107,9	-12,1	-15,8	-7,8	-	-	-
Parados que buscan 1º emprego	25,4	11,1	14,2	23,1	11,0	12,1	-9,1	-0,9	-14,8	4,3	4,4	4,2
Poboación inactiva	1.094,7	465,3	629,5	1.097,5	467,4	630,1	0,3	0,5	0,1	7,0	7,3	6,9
16-19 anos												
Total	83,6	43,0	40,5	83,2	42,9	40,3	-0,5	-0,2	-0,5	4,8	4,9	4,8
Activos	8,6	4,7	3,9	7,9	4,7	3,2	-8,1	0,0	-17,9	3,1	3,2	2,9
Poboación ocupada	2,8	1,6	1,1	2,9	1,6	1,3	3,6	0,0	18,2	3,5	3,1	4,1
Poboación parada	5,9	3,1	2,8	5,1	3,1	1,9	-13,6	0,0	-32,1	3,0	3,3	2,5
Parados que xa traballaron	1,5	0,7	0,7	1,4	0,7	0,7	-6,7	0,0	0,0	-	-	-
Parados que buscan 1º emprego	4,4	2,4	2,0	3,7	2,4	1,3	-15,9	0,0	-35,0	2,9	3,4	2,2
Poboación inactiva	75,0	38,3	36,7	75,3	38,2	37,1	0,4	-0,3	1,1	5,1	5,2	5,1
20-24 anos												
Total	121,0	61,7	59,3	117,1	59,8	57,3	-3,2	-3,1	-3,4	5,1	5,1	5,1
Activos	62,0	33,4	28,6	56,2	29,5	26,7	-9,4	-11,7	-6,6	4,3	4,3	4,4
Poboación ocupada	33,6	17,9	15,8	33,3	17,0	16,4	-0,9	-5,0	3,8	4,6	4,5	4,8
Poboación parada	28,3	15,5	12,8	22,8	12,5	10,3	-19,4	-19,4	-19,5	3,9	4,0	3,8
Parados que xa traballaron	17,9	10,1	7,8	12,8	6,8	6,0	-28,5	-32,7	-23,1	-	-	-
Parados que buscan 1º emprego	10,4	5,4	5,0	10,0	5,6	4,4	-3,8	3,7	-12,0	4,5	4,7	4,3
Poboación inactiva	59,0	28,3	30,7	60,9	30,3	30,6	3,2	7,1	-0,3	6,2	6,3	6,0
25-54 anos												
Total	1.177,2	587,4	589,9	1.160,1	578,5	581,5	-1,5	-1,5	-1,4	5,6	5,6	5,7
Activos	1.008,1	525,1	483,1	991,9	519,7	472,1	-1,6	-1,0	-2,3	5,5	5,4	5,6
Poboación ocupada	796,4	416,8	379,5	804,7	428,9	375,8	1,0	2,9	-1,0	5,6	5,5	5,8
Poboación parada	212,0	108,3	103,8	187,1	90,9	96,3	-11,7	-16,1	-7,2	5,0	5,0	5,1
Parados que xa traballaron	202,1	104,9	97,0	178,0	88,1	90,2	-11,9	-16,0	-7,0	-	-	-
Parados que buscan 1º emprego	9,9	3,3	6,6	9,0	2,9	6,0	-9,1	-12,1	-9,1	5,2	5,0	5,1
Poboación inactiva	169,0	62,4	106,7	168,4	58,9	109,6	-0,4	-5,6	2,7	6,5	7,7	5,9
> 55 anos												
Total	986,8	442,1	544,7	997,9	447,8	550,1	1,1	1,3	1,0	7,2	7,1	7,3
Activos	195,1	105,7	89,3	204,7	107,6	97,2	4,9	1,8	8,8	6,1	5,7	6,6
Poboación ocupada	165,4	88,1	77,3	176,4	90,8	85,6	6,7	3,1	10,7	6,4	5,9	7,1
Poboación parada	29,7	17,6	12,0	28,5	16,8	11,6	-4,0	-4,5	-3,3	4,8	5,0	4,4
Parados que xa traballaron	29,0	17,6	11,5	28,1	16,8	11,2	-3,1	-4,5	-2,6	-	-	-
Parados que buscan 1º emprego	0,6	0,1	0,6	0,4	-	0,4	-33,3	-100,0	-33,3	4,9	-	5,4
Poboación inactiva	791,7	336,4	455,4	793,0	340,1	452,9	0,2	1,1	-0,5	7,5	7,6	7,5

Fonte: IGE. EPA

2.1.9.

de 55 anos, sendo tamén o único grupo de idade dos analizados no dito cadro 2.1.9., onde se incrementa a ocupación tanto en homes como en mulleres. Os ocupados entre 25 e 54 anos tamén se incrementan en 8.300 persoas no último ano en Galicia, máis neste caso o incremento dos homes (12.100 máis) compensa a redución de ocupados de sexo feminino (3.700 menos).

O incremento do 1,9% da poboación ocupada en Galicia é menor co incremento do

3% estimado para o conxunto do Estado, polo que o peso porcentual da poboación ocupada galega sobre o total estatal desce un ano máis unha décima porcentual ata sitúase no 5,7%.

A nivel sectorial, na mesma liña do rexistrado polos datos de afiliación á Seguridade social (**cadro 2.1.10.**), a ocupación na agricultura é a única que desce en Galicia no ano 2015, fronte ao incremento na construción, na industria e no sector servizos. En

Poboación ocupada en Galicia e España 2015: distribución segundo sectores económicos, situación profesional, ocupación, idade e nivel de formación

	Galicia			España			Galicia/España	
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
	(en miles de persoas)							
Total	538,2	479,1	1.017,2	9.760,4	8.105,7	17.866,1	5,5	5,9
Sectores económicos								
Agricultura	40,8	22,9	63,7	565,8	171,0	736,8	7,2	13,4
Industria	115,3	44,3	159,6	1.860,0	622,4	2.482,3	6,2	7,1
Construción	68,3	5,3	73,6	991,7	82,0	1.073,7	6,9	6,5
Servizos	313,8	406,6	720,4	6.342,9	7.230,4	13.573,3	4,9	5,6
Situación profesional								
Traballadores por conta propia	132,1	84,7	216,7	2.048,8	1.038,6	3.087,5	6,4	8,2
Empregador	44,5	24,4	68,9	621,1	267,1	888,3	7,2	9,1
Empresarios sen asalariados	82,8	57,1	139,9	1.369,6	706,5	2.076,2	6,0	8,1
Membros cooperativas	0,7	0,3	1,1	15,1	7,6	22,7	4,8	3,9
Axudas familiares	4,1	2,9	6,9	43,1	57,4	100,4	9,5	5,1
Asalariados	406,0	394,3	800,2	7.708,3	7.065,2	14.773,5	5,3	5,6
Sector público	80,5	100,6	181,0	1.364,3	1.610,7	2.975,0	5,9	6,2
Sector privado	325,5	293,7	619,2	6.344,0	5.454,5	11.798,5	5,1	5,4
Outra situación	0,2	0,1	0,3	3,2	2,0	5,1	5,5	6,4
Ocupación								
Directores e xerentes	26,0	12,0	38,0	530,7	242,7	773,3	4,9	5,0
Técnicos e profesionais científicos e intelect.	71,9	99,9	171,9	1.370,4	1.745,2	3.115,5	5,2	5,7
Técnicos e profesionais de apoio	64,7	33,4	98,1	1.184,8	708,6	1.893,4	5,5	4,7
Empregados contables, admons. e outros empregados ofic.	27,1	62,2	89,4	625,3	1.209,3	1.834,6	4,3	5,1
Trab. servizos restaur., persoais, protecc. vend. comerc.	80,6	151,1	231,7	1.719,0	2.406,7	4.125,7	4,7	6,3
Trab. cualificado no sector primario	29,8	20,1	49,8	355,2	83,4	438,6	8,4	24,0
Trab. cualif. ind. manufact. construcc., minaría, agás operad.	125,0	15,2	140,2	1.834,5	157,4	1.991,9	6,8	9,7
Operadores	72,0	15,1	87,1	1.160,4	160,6	1.321,0	6,2	9,4
Ocupacións elementais	36,7	69,5	106,2	900,4	1.382,0	2.282,4	4,1	5,0
Ocupacións militares	4,5	0,6	5,0	79,8	10,1	89,8	5,6	5,7
Grupos de idade								
16-19 anos	1,6	1,3	2,9	51,9	32,0	83,8	3,0	4,0
20-24 anos	17,0	16,4	33,4	374,8	344,1	718,9	4,5	4,8
25-34 anos	108,6	99,6	208,1	2.005,8	1.833,8	3.839,6	5,4	5,4
35-44 anos	171,8	149,2	321,0	3.128,1	2.558,7	5.686,8	5,5	5,8
45-54 anos	148,5	127,1	275,6	2.655,4	2.138,3	4.793,7	5,6	5,9
55 e máis anos	90,8	85,5	176,3	1.544,4	1.198,9	2.743,3	5,9	7,1
Nivel de formación acadado (1)								
Analfabetos	1,1	0,0	1,2	27,1	16,9	44,0	4,2	0,1
Educación primaria	30,5	25,9	56,4	727,7	467,8	1.195,5	4,2	5,5
Educación secundaria	308,8	230,4	539,2	5.360,3	3.785,7	9.146,0	5,8	6,1
Educación superior	197,7	222,8	420,5	3.645,3	3.835,4	7.480,6	5,4	5,8

(1) Educación primaria inclúe estudos primarios incompletos, Educación secundaria inclúe 1ª etapa, 2ª etapa orientación xeral e profesional, e Educación superior inclúe doutorado
Fonte: INE, EPA

2.1.10.

relación ás variacións medias de ocupación no Estado, os incrementos de ocupación na industria e nos servizos son inferiores en Galicia, e o incremento na construción é superior á media estatal.

A ocupación na agricultura reduciuse un 3,6% en Galicia, o que supón a perda de 2.400 persoas ocupadas no ano 2015, acumulándose dende o ano 2008, 32.800 persoas ocupadas menos. O sector primario

galego foi o único que perdeu emprego en 2015, o que contrasta co moderado incremento da ocupación do sector a nivel estatal (**cadro 2.1.11.**).

Por primeira vez dende 2008, no ano 2015 o sector da construción incrementa a poboación ocupada en Galicia, neste senso o emprego no dito sector é un 9,5% maior ao rexistrado no ano 2014, o que supón 6.500 persoas ocupadas máis que no ano anterior.


de formación acadado

Galicia 15/14	Galicia 15/14		
	Total	Homes	Mulleres
(%)			
5,7	2,7	1,1	1,9
8,6	-0,2	-9,5	-3,6
6,4	4,8	0,7	3,6
6,9	8,9	17,8	9,5
5,3	1,0	1,6	1,4
7,0	-0,4	-1,2	-0,8
7,8	2,5	12,0	5,6
6,7	-1,4	-4,4	-2,6
4,6	-31,0	-70,0	-48,8
6,9	-2,4	-8,6	-5,8
5,4	3,7	1,6	2,7
6,1	-0,3	-1,5	-1,0
5,2	4,7	2,7	3,8
5,9			
4,9	6,8	1,3	4,8
5,5	0,8	2,3	1,7
5,2	10,6	-3,7	5,3
4,9	3,1	11,0	8,6
5,6	2,1	0,3	0,9
11,4	-7,7	-10,5	-8,9
7,0	2,7	-0,2	2,4
6,6	7,0	1,3	5,9
4,7	-1,7	-0,9	-1,2
5,6	-27,9	155,6	-21,5
3,5	-4,6	13,3	4,5
4,6	-4,9	3,8	-0,8
5,4	-1,0	-4,4	-2,7
5,6	3,1	1,0	2,1
5,7	5,7	-0,3	2,8
6,4	3,2	10,6	6,6
2,6	350,0	-92,9	84,0
4,7	4,1	-9,2	-2,5
5,9	1,3	-0,5	0,5
5,6	4,1	4,4	4,3

Poboación ocupada en Galicia e España 2008-15: distribución segundo sector

	Galicia				España			
	agricultura	industria	construcción	servizos	agricultura	industria	construcción	servizos
(en miles de persoas)								
2008	96,6	215,1	134,2	755,4	828,2	3.236,7	2.459,9	13.945,0
2009	94,8	195,7	116,3	748,6	788,1	2.807,6	1.889,8	13.621,4
2010	88,3	172,7	104,9	738,7	786,1	2.650,5	1.651,4	13.636,6
2011	83,5	176,4	91,3	738,1	755,3	2.604,7	1.403,9	13.657,6
2012	79,5	164,9	79,3	723,4	743,4	2.483,7	1.161,3	13.244,2
2013	74,4	153,3	69,3	709,4	736,6	2.355,5	1.029,5	13.017,5
2014	66,1	154,0	67,1	710,7	735,8	2.379,9	993,5	13.234,9
2015	63,7	159,6	73,6	720,4	736,8	2.482,3	1.073,7	13.573,3
I	65,6	159,3	75,3	732,4	779,7	2.463,4	1.058,5	13.792,5
II	65,0	164,0	72,7	737,3	709,5	2.518,9	1.082,6	13.737,6
III	61,2	161,9	75,6	711,2	740,4	2.505,9	1.092,9	13.527,4
IV	63,1	153,0	70,7	700,7	717,4	2.441,1	1.060,6	13.235,7
2015-08	-34,0	-25,8	-45,2	-4,6	-11,0	-23,3	-56,4	-2,7

(taxas de variación interanuais)



Fonte: INE, EPA

2.1.11.

O sector da construción en Galicia no ano 2015 representa 73.600 empregos, o 6,9% do total estatal. A recuperación do emprego no sector por primeira vez dende o ano 2008, parece evidenciar unha leve recuperación, que mantén, sen embargo, uns niveis de ocupación moi alonxados dos acadados nos primeiros anos da crise económica.

O sector industrial tamén incrementa no

ano 2015 o seu número de ocupados, con 5.600 ocupados máis que o estimado no ano anterior. O número total de ocupados é de 159.600 persoas, o 15,7% da ocupación total galega. O sector perdeu dende o ano 2008 un total de 55.500 ocupados, un 25,8% do total do emprego do sector.

Finalmente, no que atinxe ao sector servizos, no ano 2015 rexistrou un total de 720.400 ocupados, o que supón un novo in-

cremento na ocupación tras o experimentado no ano anterior, con 9.700 ocupados máis, un 1,4% máis. No período 2008-2015 o sector servizos perde 35.000 ocupados, o 4,6% do total; dado que sete de cada dez ocupados en Galicia pertencen ao dito sector, o incremento do 1,4% na ocupación no último ano resulta moi salientable, aínda que de menor intensidade que o incremento medio no Estado, onde a ocupación neste sector medrou un 2,6%.

O maior incremento de emprego no ano 2015 dentro do sector servizos prodúcese nas actividades de "Administración Pública e defensa, Seguridade Social obrigatoria; educación; actividades sanitarias e de servizos sociais", con 7.600 ocupados máis (3,4%). Entre os anos 2008 e 2015 as actividades de comercio perderon 35.100 empregos (11%), seguido polas "Actividades financeiras e de seguros", con 8.400 ocupados menos.

Atendendo á desagregación segundo a situación profesional dos traballadores por conta propia, en concreto aos empresarios sen asalariados, perden un 2,6% dos seus ocupados totais no último ano, 3.800 ocupados menos, dos que 2.700 son mulleres. A evolución dos traballadores por conta propia ten especial importancia en Galicia, onde a porcentaxe de empresarios sen asalariados sobre o total de ocupados, do 21,3%, é a máis altas do Estado, moi superior á media estatal que no ano 2015 foi do 17,3%.

No que respecta aos asalariados, no último ano increméntase un 2,7% o seu número, aumento causado polo incremento dos asalariados no sector privado (22.400 máis), que compensa a redución no sector público (1.800 menos). Tras esta evolución, o número de asalariados situouse nas 800.200 persoas, un 20.700 máis que no ano anterior.

En termos absolutos, as ocupacións que presentan un maior incremento no número

de persoas son as de "Empregados contables, administración e outros empregados de oficina", con 7.100 ocupados máis, e "Técnicos e profesionais de apoio", con 4.900 ocupados máis, así como os "Operadores" con 4.900 empregados máis. Por contra, novamente as ocupacións de "Traballadores cualificados do sector primario", con 4.900 ocupados menos, son os que máis ocupados perden no último ano.

O 41,3% da poboación ocupada galega acredita estudos superiores, fronte ao 41,9% de media no Estado, e o 53,1% dos ocupados, estudos secundarios ou equivalentes, fronte ao 51,2% de media estatal.

Todos os grupos de ocupados por nivel de formación, aumentan o seu número, agás os de estudos primarios, sendo especialmente significativo o incremento de ocupados con estudos superiores, cun 4,3% máis en relación ao ano anterior, o que supón 17.300 ocupados máis.

O incremento de ocupación, de 19.200 persoas, acontecido no ano 2015, é debido a un maior emprego de persoas con nacionalidade española, manténdose estable o número de ocupados con nacionalidade estranxeira.


No último ano a poboación ocupada estranxeira, mantense nos 38.400 ocupados. Dende o ano 2008 a poboación estranxeira ocupada en Galicia descendeu un 28,5%, en torno a 15.300 ocupados menos. Esta cifra acádase porque a caída dos 18.500 ocupados que non pertencen á UE non se compensa polo incremento de ocupación de 3.300 persoas procedentes da UE.

A recuperación da poboación ocupada rexistrada no ano 2015 favorece en maior medida a homes que a mulleres, con incrementos dos 2,6% e 1,1% respectivamente no número de ocupados. Este crecemento desigual propicia unha ampliación da

Asalariados e taxa de temporalidade en Galicia e España 2013-14: distribución segundo tipo de contrato, sector e sexo

2014									
	Contrato indefinido		Contrato temporal		Total		Taxa de temporalidade		
	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	Total
	(en miles de persoas)						(%)		
Galicia	148,5	448,2	34,3	148,6	182,8	596,8	18,8	24,9	23,5
Homes	68,4	232,4	12,3	78,6	80,7	310,9	15,2	25,3	23,2
Mulleres	80,0	215,8	22,0	70,1	102,0	285,9	21,6	24,5	23,7
España	2.335,3	8.521,8	590,5	2.838,2	2.925,8	11.360,0	20,2	25,0	24,0
Homes	1.148,1	4.520,0	211,2	1.531,7	1.359,3	6.051,8	15,5	25,3	23,5
Mulleres	1.187,2	4.001,8	379,4	1.306,5	1.566,5	5.308,3	24,2	24,6	24,5
2015									
	Contrato indefinido		Contrato temporal		Total		Taxa de temporalidade		
	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	Total
	(en miles de persoas)						(%)		
Galicia	145,2	451,5	35,8	167,7	181,0	619,2	19,8	27,1	25,4
Homes	68,4	239,7	12,1	85,8	80,5	325,5	15,0	26,4	24,1
Mulleres	76,9	211,8	23,8	81,9	100,6	293,7	23,7	27,9	26,8
España	2.331,1	8.728,1	643,9	3.070,3	2.975,0	11.798,5	21,6	26,0	25,1
Homes	1.123,5	4.653,5	240,8	1.690,6	1.364,3	6.344,0	17,7	26,6	25,1
Mulleres	1.207,6	4.074,7	403,1	1.379,8	1.610,7	5.454,5	25,0	25,3	25,2

Taxas de ocupación en Galicia e España 2008-15: distribución segundo sexo



Fonte: INE, EPA

● 2.1.13.

No que respecta á evolución da contratación segundo se trate do sector público ou privado, ao longo do último ano o número de persoas asalariadas no sector público diminuíu en 1.800, fronte ao incremento en máis de 22 mil no sector privado.

Os asalariados con contrato temporal no sector privado en Galicia incrementouse en 19.100 persoas, mentres os contratados indefinidos no sector privado aumentaron en 3.300, o que tivo como consecuencia un incremento na taxa de temporalidade no sector privado de 2,2 puntos porcentuais, ata acadar o 27,1%. No sector público, aumenta o número de asalariados con contrato temporal (1.500 máis que no ano 2014) e diminúe en 3.300 as persoas asalariadas con contrato indefinido, o que implica o incremento da taxa de temporalidade nun punto porcentual, ate o 19,8%.

● Duración da xornada de traballo

En Galicia no ano 2015, ao redor de 14 ocupados de cada 100 tiñan un contrato a tempo parcial, fronte aos case 16 de media no conxunto do Estado. No último ano en Galicia increméntanse levemente os ocupados a tempo parcial, fronte a diminución

tamén leve no conxunto do Estado.

Os datos xerais de ocupación por tipo de xornada de traballo, agochan unha forte diferenza entre homes e mulleres. Así, en Galicia no ano 2015, 23 mulleres de cada 100 ocupadas tiñan un contrato a tempo parcial, fronte a só 6,5 homes de cada 100.

A poboación ocupada a tempo parcial en Galicia no ano 2015 aumenta un 2,6% para situarse en 145.900 persoas. De igual xeito a poboación ocupada a tempo completo aumenta un 1,8% situándose nos 871.300 ocupados. Atendendo á desagregación segundo sexos, en 2015 rexístranse 110.800 mulleres ocupadas a tempo parcial, un 3,5% máis que no ano anterior, fronte aos 35.100 homes (0,1% menos que no ano precedente). En relación ao ano 2008, en Galicia en 2015 estímase que existen 10 mil mulleres máis empregadas a tempo parcial e en torno a 60 mil menos con xornada a tempo completo. No caso dos homes, en 2015 estímase case 6 mi ocupados máis a tempo parcial que os rexistrados en 2008 e en torno a 140 mil ocupados menos con xornada completa.

O 33,6% do total de ocupados a tempo par-

Poboación ocupada en Galicia e España 2014-15: distribución segundo tipo de xornada de traballo


	2014					
	Total		Homes		Mulleres	
	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial
	<i>(en miles de persoas)</i>					
Galicia	855,8	142,2	489,2	35,2	366,7	107,0
España	14.585,4	2.758,8	8.705,5	737,1	5.879,9	2.021,6
Galicia/España (%)	5,9	5,2	5,6	4,8	6,2	5,3

	2015					
	Total		Homes		Mulleres	
	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial
	<i>(en miles de persoas)</i>					
Galicia	871,3	145,9	503,1	35,1	368,2	110,8
España	15.053,9	2.812,2	8.987,5	772,9	6.066,4	2.039,4
Galicia/España (%)	5,8	5,2	5,6	4,5	6,1	5,4

Fonte: INE, EPA

● 2.1.14.

Poboación ocupada con xornada a tempo parcial en Galicia e España 2008-15 ⁽¹⁾: distribución segundo sexos



(1) 2008=100
Fonte: INE, EPA

● 2.1.15.

cial en Galicia no ano 2015 teñen menos de 34 anos, dos que o 68% son mulleres. Tres de cada catro persoas con xornadas parciais son mulleres, das que en torno ao 50% teñen menos de 39 anos.

En torno ao 70% das persoas ocupadas a tempo parcial, tanto homes como mulleres, expoñen como motivo principal da súa situación non poder atopar un traballo de xornada completa; seguido no caso das mulleres polo coidado de nenos ou de adul-

tos (11,2%), e no caso dos homes por seguir cursos de ensinanza ou formación (5,1%).

As ramas de actividade que presentan un maior peso das xornadas de traballo a tempo parcial pertencen ao sector servizos. En termos absolutos destacan as actividades de comercio por xunto e ao retalho (24.200 ocupados a xornada parcial) e a hostalería con 17.400 ocupados a tempo parcial.

Poboación parada 2015: distribución segundo sexo, nivel de formación acadada, tempo de procura de emprego e idade

	Galicia			Galicia / España			15/14		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	(en miles de persoas)			(%)			(en miles de persoas)		
Total	123,4	120,1	243,4	4,8	4,8	4,8	-21,2	-11,1	-32,4
Nivel de formación acadada									
Analfabetos	0,6	0,3	0,8	3,1	1,3	2,0	0,2	0,1	0,3
Estudios primarios incompletos	2,1	1,7	3,9	2,3	3,3	2,7	0,4	0,7	1,1
Estudios primarios	10,8	7,7	18,6	3,2	3,3	3,3	-1,2	-1,5	-2,6
Educación secundaria primeira etapa	57,2	42,2	99,3	5,2	4,7	5,0	-16,9	-6,5	-23,5
Educación secundaria segunda etapa	25,2	26,0	51,2	4,5	4,2	4,4	-3,4	-3,3	-6,7
Educación superior	27,6	42,2	69,8	6,0	6,3	0,1	-0,3	-0,8	-1,0
Tempo de procura de emprego									
Xa atopou emprego	7,0	6,5	13,4	5,0	5,3	5,1	0,4	-0,3	0,2
Menos de 1 mes	4,5	4,8	9,3	4,1	5,6	4,8	-1,8	-1,1	-2,9
De 1 mes a menos de 3 meses	11,2	12,1	23,2	4,4	5,1	4,7	-2,2	-0,7	-2,9
De 3 meses a menos de 6 meses	10,3	10,5	20,8	4,3	4,7	4,5	-1,2	-1,0	-2,2
De 6 meses a menos de 1 ano	14,0	14,8	28,8	5,1	5,0	5,1	-5,2	-3,3	-8,5
De 1 ano a menos de 2 anos	21,4	21,2	42,6	5,2	4,9	5,0	-7,4	-4,3	-11,7
2 anos ou máis	55,2	50,2	105,4	4,9	4,6	4,7	-3,9	-0,6	-4,5
Grupos de idade									
16 - 19 anos	3,1	2,0	5,1	3,3	2,5	2,9	0,0	-0,8	-0,8
20 - 24 anos	15,5	10,3	22,8	5,0	3,8	3,9	0,0	-2,5	-5,5
25 - 34 anos	38,1	33,3	64,4	6,0	5,3	5,1	0,0	-3,3	-10,3
35 - 44 anos	36,5	36,5	67,8	5,9	5,4	5,2	0,0	-3,7	-8,9
45 - 54 anos	33,8	26,4	54,9	5,9	4,5	4,7	0,0	-0,4	-5,7
Máis de 55 anos	17,7	11,6	28,5	5,3	4,4	4,7	0,0	-0,4	-1,3

Fonte: INE, EPA

2.1.16.

Nas actividades inmobiliarias, administrativas e servizos auxiliares, 31 de cada 100 ocupados realizan unha xornada a tempo parcial, superando á hostalería, cun 25,5%, e ás actividades de información, comunicacións, actividades artísticas, recreativas e de entretemento, cun 22,4%. Xunto a estas hai que subliñar a educación co 15,1% e a industria da alimentación, bebidas e tabaco, co 10,1%. Entre os anos 2010 e 2015 as actividades que, en termos absolutos, presentan un maior incremento de traballo a tempo parcial son a hostalería e a educación, con 5.900 e 2.200 ocupados con xornada parcial máis, respectivamente.

● Poboación parada

No ano 2015 en Galicia descende a poboación parada estimada pola EPA en máis de 32 mil persoas, o que sitúa en 243.400 o total de poboación parada.

O descenso da poboación parada estimada pola EPA en Galicia no ano 2015 foi do 11,7%, case dous puntos porcentuais máis que á media estatal (-9,9%). No ano 2015, afiánzase a tendencia iniciada no ano anterior e continúan os descensos no volume de poboación parada e na taxa de paro en Galicia (**cadro 2.1.6.**).

De xeito semellante ao rexistrado no ano 2014, en 2015 o dito descenso no paro estimado favorece tanto a homes como a mulleres, aínda que de forma máis acusada no caso dos homes, cun descenso medio do 14,7% en relación ao desemprego do ano anterior, fronte ao 8,5% de descenso no caso das mulleres. En termos absolutos, dos aproximadamente 32.400 parados menos estimados no conxunto do ano 2015, en torno a 21.200 persoas son homes e 11.100 son mulleres (**cadro 2.1.9.**). A poboación ocupada feminina medra a menor ritmo que a masculina, mestres que a poboación pa-

Taxas de paro en Galicia e España 2008-15: distribución segundo grupos de idade

	2008	2014	2015	15/08 (en puntos porcentuais)
Menores de 25 anos				
Galicia	21,05	48,45	43,57	22,52
España	24,45	53,20	48,35	23,90
De 16 a 19 anos				
Galicia	31,26	68,12	63,52	32,26
España	39,38	68,56	67,41	28,03
De 20 a 24 anos				
Galicia	18,62	45,71	40,72	22,10
España	20,16	50,32	44,60	24,44
Maiores de 25 anos				
Galicia	7,48	20,08	18,01	10,53
España	9,70	22,29	20,15	10,45
De 25 a 54 anos				
Galicia	7,80	21,02	18,85	11,05
España	10,07	22,80	20,55	10,48
De 55 e máis anos				
Galicia	5,59	15,22	13,90	8,31
España	7,06	19,31	17,93	10,87

Fonte: INE-IGE, EPA

● 2.1.17.

rada feminina descende menos que a masculina.

En relación ao desemprego estimado por idades, o paro estimado baixa en todos os grupos de idade, con descenso superiores ao 10% nos grupos de 16-19 anos e 25-44 anos, chegando ao 19,5% de caída no grupo de 20 a 24 anos. En termos absolutos a poboación parada entre 25 e 44 anos reduciuse no ano 2015, en case vinte mil persoas, pasando de 151 mil parados no ano 2014 a 131 mil aproximadamente no ano 2015. O grupo de idade de maiores de 55 anos rexistra un descenso do 4,2% (1.300 persoas paradas menos).

Das 130 mil persoas desempregadas máis estimadas no ano 2015 en relación ás do ano 2008, o 42% (54.000 persoas) teñen máis de 45 anos. As singulares características socio económicas e de empregabilidade das persoas nesta franxa de idade, fan relevante o menor descenso no volume de paro estimado nestas franxas de idade. Así mesmo hai que ter en conta que o 44,4% do total de ocupados en Galicia no ano 2015 teñen máis de 45 anos, fronte ao 36,4% que representaban no ano 2008; consecuencia directa da perda de ocupados con


idades entre 25 e 34 anos (127.700 menos en 2015 que en 2008).

O grupo de idade entre 25 e 34 anos reduce en 10.300 persoas o seu número de parados, pero tamén é case en exclusiva, agás unha leve perda no grupo entre 20 e 24 anos, o único grupo de idade que no ano 2015 perde emprego, con 5.800 ocupados menos. As persoas activas residentes en Galicia con idades comprendidas entre 25 e 34 anos, con no ano 2015, 16.100 menos que no ano 2014 (case 100.000 menos que no ano 2008). A perda de poboación activa está directamente relacionada coa caída de poboación, con 16.700 persoas menos nesta franxa de idade en Galicia no 2015 que no ano anterior, (108.000 menos que no ano 2008).

Das 243.400 persoas paradas, estimadas pola Enquisa de Poboación Activa en Galicia no ano 2015, o 43%, 105.350 persoas, levan máis de dous anos na procura de emprego, un 4,1% menos que no ano anterior.

A taxa de paro estimada para Galicia no conxunto do ano 2015 situouse no 19,3%, 2,8 puntos porcentuais por debaixo da media estatal, colocándose como a oitava

Taxas de paro 2010-15: distribución segundo nivel formativo (1)



(1) Ata 2013 CNED2000, 2014 e seguintes CNED2014
 Fonte: IGE, EPA

2.1.18.

taxa máis elevada do conxunto de Comunidades Autónomas. As taxas de desemprego galegas foron inferiores á media estatal, tanto para os homes (18,7% por 20,8% de media en España) como para as mulleres (20%, fronte ao 23,5% no Estado). As taxas de paro no último ano en Galicia reducíronse 2,9 puntos porcentuais no caso dos homes, e 1,7 puntos no caso das mulleres, evolución similar á acaecida no conxunto do Estado, onde, no caso dos homes a taxa de paro redúcese en 2,8 puntos e en 1,9 puntos porcentuais para as mulleres.


O **cadro 2.1.17.** mostra a evolución das taxas de paro ao longo dos últimos anos, sendo evidente o grave problema de paro xuvenil existente tanto en Galicia como en España. A pesar da redución nos dous últimos anos, as taxas de paro dos menores de 25 anos sitúanse no ano 2015 no 43,6% (48,5% no ano 2014) sendo no conxunto do Estado do 48,4%; en tanto que as dos maiores de 25 anos acadan o 18% (dous puntos menos que no ano 2014).

Atendendo ao nivel de estudos rematados, un ano máis, en 2015 o número medio de

desempregados baixou en todos os niveis de formación, con baixadas levemente inferiores a un punto porcentual nos niveis de estudos primarios e de educación superior, de 3,7 puntos na 2ª etapa de educación secundaria, e de 2,6 puntos na 1ª etapa de educación secundaria. Tal como se observa no **cadro 2.1.18.**, existe unha relación inversa entre paro e nivel formativo: as taxas de paro son menores canto maior é o nivel de formación. Por outra banda, en relación ao ano 2010, o menor incremento na taxa de paro prodúcese nas persoas con educación superior.

Se a análise se fai atendendo á nacionalidade das persoas, o **cadro 2.1.19.** mostra como as taxas de paro das persoas estranxeiras son dez puntos superiores ás de nacionalidade española tanto en Galicia como no conxunto do Estado. No ano 2015 as taxas de paro das persoas estranxeiras redúcense de xeito máis acusado que ás das persoas con nacionalidade española; neste senso, en Galicia a taxa de paro de estranxeiros baixa en 6 puntos porcentuais, pasando do 34,9% en 2014 ao 28,9% en 2015 (4 puntos de descenso de media no Estado,

Taxas de paro en Galicia e España 2008-15: distribución segundo nacionalidade



Fonte: INE, EPA

2.1.19.

acadando en 2015 o 30,5%). A pesar deste maior descenso, as taxas de paro de estranxeiros seguen sendo moi superiores ás taxas de españois, 28,9% fronte ao 18,9%.

Ao igual que tiña acontecido en 2014, no ano 2015 a análise dos niveis de poboación parada estimada a nivel provincial reflicte un descenso no paro estimado nas catro provincias galegas, rexistrándose o maior descenso en termos porcentuais na provincia de Lugo, cun 16% menos de parados (4.700 persoas paradas menos); mestres que en valores absolutos o maior descenso produciuse na provincia de A Coruña (14.700 parados menos), seguida de Pontevedra (11.700 parados estimados menos). A pesar da dita redución, Pontevedra segue a ser a provincia con maior número de parados (98.800) seguida de A Coruña (92.800).

Datos rexistrados nas oficinas de emprego

Tal como sucede co paro estimado pola EPA, o paro rexistrado nas oficinas de emprego de Galicia, rexistra, no ano 2015, un descenso do 9,2% en relación ao ano anterior, superior ao descenso medio rexistrado no conxunto do Estado, que foi do 7,5%.

O número de persoas paradas rexistradas baixou de media en Galicia ao longo do ano 2015 en torno ás 23.600.

0 persoas, fronte ao descenso de 19.000 persoas rexistrado en 2014. En total, no último ano estaban rexistradas 233.489 persoas, o 5,5% do paro rexistrado de media en España. Do mesmo xeito que acontece en Galicia, o paro rexistrado no conxunto do Estado acelera a súa caída, pasando de 270 mil parados menos en 2014 a 344 mil menos no ano 2015.

Os datos mensuais do paro rexistrado, recollidos no **cadro 2.1.20.**, reflicten unha baixada nos sete primeiros meses do ano, e un aumento nos cinco últimos meses. En termos de variación interanual, o **cadro 2.1.21.** mostra unha redución do paro rexistrado en todos os meses do ano.

Ao igual que acontece para o conxunto da Comunidade Autónoma, o paro rexistrado nas catro provincias galegas baixa en relación ao ano anterior, sendo Pontevedra a provincia que máis reduce en termos absolutos o volume de paro rexistrado (9.681 parados rexistrados menos), seguida de A Coruña con 9.143 parados menos, e corres-


Paro rexistrado en Galicia e España 2008-15 ⁽¹⁾

	Galicia	España	Galicia /España	Galicia	España
	(en miles de persoas)		(%)	(% de variación interanual)	
2008	162,5	2.539,9	6,40	7,9	24,6
2009	206,2	3.644,0	5,66	26,9	43,5
2010	226,2	4.060,8	5,57	9,7	11,4
2011	241,3	4.257,2	5,67	6,7	4,8
2012	270,5	4.720,4	5,73	12,1	10,9
2013	276,0	4.845,3	5,70	2,0	2,6
2014	257,0	4.575,9	5,62	-6,9	-5,6
2015	233,4	4.232,1	5,51	-9,2	-7,5
xaneiro	259,0	4.525,7	5,72	-7,9	-6,0
febreiro	257,5	4.512,2	5,71	-8,0	-6,2
marzo	252,1	4.451,9	5,66	-8,8	-7,2
abril	244,8	4.333,0	5,65	-9,4	-7,5
maio	237,0	4.215,0	5,62	-10,0	-7,8
xuño	229,1	4.120,3	5,56	-9,2	-7,4
xullo	216,4	4.046,3	5,35	-10,0	-8,5
agosto	213,7	4.068,0	5,25	-9,8	-8,1
setembro	215,7	4.094,0	5,27	-9,4	-8,0
outubro	222,1	4.176,4	5,32	-9,0	-7,7
novembro	225,2	4.149,3	5,43	-9,4	-8,0
decembro	228,8	4.093,5	5,59	-9,2	-8,0

(1) datos anuais: en medias anuais; datos mensuais: último día de cada mes

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Movimiento laboral registrado*

● **2.1.20.**



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Movimiento laboral registrado*

● **2.1.21.**

pondendo á provincia de Lugo o maior descenso en termos de taxa interanual (-10%).

A análise sectorial reflicte un descenso do paro rexistrado en todos os sectores de actividade, destacando o descenso do 18,8% no paro rexistrado no sector da construción,


do 16% na industria, do 5,8% nos servizos e do 4,4% na agricultura e pesca. Tras esta evolución, o sector servizos presenta un total de 147.165 parados, o 63% dos parados rexistrados galegos (65,5% en España), seguíndolle en importancia o sector industrial, con 29.675 parados, o

Paro rexistrado en Galicia e España 2015 ⁽¹⁾: distribución segundo sector de actividade

2015						
	Total	Agricultura e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
(en miles de persoas)						
Galicia	233.449	8.454	29.675	28.903	147.165	19.253
A Coruña	91.655	2.424	11.557	12.320	57.920	7.433
Lugo	22.894	1.087	2.016	3.022	14.832	1.938
Ourense	25.760	1.246	3.503	3.106	15.607	2.298
Pontevedra	93.140	3.697	12.598	10.455	58.806	7.584
España	4.232.132	204.917	411.092	477.545	2.772.601	365.977

15/14						
	Total	Agricultura e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
(%)						
Galicia	-9,1	-4,4	-16,0	-18,8	-5,8	-8,1
A Coruña	-9,1	-4,3	-14,8	-18,8	-6,0	-6,2
Lugo	-10,0	-1,4	-17,7	-19,0	-7,4	-9,8
Ourense	-7,7	-1,1	-11,9	-17,2	-5,5	-4,1
Pontevedra	-9,4	-6,4	-17,8	-19,2	-5,3	-10,6
España	-7,5	-5,5	-13,3	-18,0	-5,0	-4,5

(taxas de variación interanuais)



(1) medias anuais

Fonte: IGE; Ministerio de Empleo y Seguridad Social

2.1.22.

12,7% (9,7% no conxunto do Estado). O número de parados rexistrados nas actividades da construción están tamén en torno ás 29 mil persoas, o 12,4% do total galego (11,3% en España) e no sector primario 8.454 persoas, o 3,6% (4,8% do total de paro rexistrado de media a nivel estatal) (**cadro 2.1.22.**).

En termos de taxas de variación, a forte redución do paro rexistrado no sector da cons-

trucción no último ano, repercute en que o sector no que en Galicia se incrementa máis o paro rexistrado dende o ano 2008 pasa de ser a construción en 2014, a ser o sector primario (68,2% de incremento) e os servizos (63,7% de incremento). Tan só o sector industrial (17%), e o colectivo sen emprego anterior, cun 14,4% de paro rexistrado menos que no ano 2008, presentan unha taxa de variación inferior á media galega (43,7%).

Contratos iniciais de traballo e contratos convertidos en indefinidos en Galicia e España 2015: distribución segundo tipo

	Total	Homes	Mulleres	Galicia/España	15/14	
					Galicia (%)	España
Contratos de duración indefinida	40.672	21.337	19.335	3,9	2,4	10,1
Indefinido ordinario	40.164	21.012	19.152	3,9	2,2	10,1
Indefinido persoas con discapacidade	508	325	183	6,3	23,6	13,4
Contratos de duración temporal	812.995	429.237	383.758	4,8	12,2	11,0
Obra ou servizo	304.413	184.252	120.161	4,2	9,8	9,8
Eventual segundo circunstancias da produción	379.299	195.803	183.496	4,9	14,2	12,2
Interinidade	92.371	26.394	65.977	5,8	14,7	8,7
Temporais pers. discapacidade	1.160	698	462	5,6	14,4	12,8
Relevo	769	391	378	5,2	-26,1	0,7
Xubilación parcial	1.417	959	458	5,4	-7,2	7,4
C. de substitución por xubilación aos 64 anos	17	6	11	2,3	41,7	17,2
Contrato en prácticas	5.121	2.535	2.586	6,2	41,1	32,4
Contrato para a formación	11.987	5.858	6.129	6,9	19,9	25,1
Outros contratos	16.441	12.341	4.100	15,2	-5,0	11,2
Contratos convertidos en indefinidos	24.167	12.982	11.185	5,0	9,5	15,5
Total contratos	877.834	463.556	414.278	4,7	11,7	11,1

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

● **2.1.23.**

Contratos iniciais de traballo e contratos convertidos en indefinidos 2015: distribución segundo tipo de contrato e grupo de idade

	Total	Homes					Mulleres					Galicia/España
		< 25	25 - 29	30 - 39	40 - 44	>= 45	< 25	25 - 29	30 - 39	40 - 44	>= 45	(%)
Contratos de duración indefinida												
Indefinido (bonificado/non bonificado)	40.164	1.838	2.813	7.377	3.110	5.874	1.876	3.028	6.156	2.580	5.512	3,9
Indefinido persoas con discapacidade	508	9	21	95	54	146	11	17	41	32	82	6,3
Contratos de duración temporal												
Obra ou servizo	304.413	21.368	27.873	64.292	25.037	45.682	16.169	20.506	40.039	15.642	27.805	4,2
Eventual segundo circunstancias da produción	379.299	30.819	35.341	69.586	23.660	36.397	31.835	34.546	58.280	22.975	35.860	4,9
Interinidade	92.371	2.729	4.850	10.254	3.437	5.124	5.245	10.352	20.344	10.043	19.993	5,8
Temporais persoas con discapacidade	1.160	25	53	223	136	261	29	34	152	83	164	5,6
Relevo	769	23	61	177	55	75	18	51	122	65	122	5,2
Xubilación parcial	1.417	0	0	0	0	959	0	0	0	0	458	5,4
C. de substitución por xubilación aos 64 anos	17	0	2	3	0	1	1	3	7	0	0	2,3
Contrato en prácticas	5.121	1.173	1.057	271	15	19	1.185	1.086	269	22	24	6,2
Contrato para a formación	11.987	3.902	1.604	113	68	171	3.768	1.992	139	67	163	6,9
Outros contratos	16.441	1.149	1.521	3.901	1.309	4.461	1.205	792	1.182	349	572	15,2
Contratos convertidos en indefinidos												
Obra ou servizo	6.572	184	620	1.561	578	831	122	447	1.156	415	658	5,7
Eventual segundo circunstancias da produción	15.308	766	1.404	3.084	1.164	1.640	848	1.446	2.780	919	1.257	4,8
Interinidade	684	18	72	126	36	58	30	86	160	55	43	5,4
Temporais para persoas con discapacidade	209	3	12	35	18	56	3	6	19	16	41	5,5
C. de substitución por xubilación aos 64 anos	4	1	0	0	0	0	0	1	1	1	0	4,7
Contrato en prácticas	715	109	185	53	0	1	80	217	63	5	2	5,0
Contrato de relevo	191	3	12	56	16	16	2	17	37	20	12	4,4
Contrato para a formación	476	129	97	32	0	0	83	105	29	0	1	6,8
Outros contratos	8	0	0	3	0	3	0	0	1	1	0	4,1

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

● **2.1.24.**

Contratos de traballo de duración temporal 2015

	Total	Contratos de duración ata 6 meses						Contratos de máis de 6 meses	Subtotal	Contratos de duración indeterminada
		Total	<=7 días	7-15 días	15 días-1 mes	1-3 meses	3-6 meses			
Por obra ou servizo det.	304.413	66.194	46.076	2.787	3.205	8.903	5.223	5.946	72.140	232.273
Eventuais por cc. produción	379.299	371.798	-	-	< 1 mes 256.678	1-3 meses 73.603	3-6 meses 41.517	7.501	379.299	-
Interinidade	92.371	40.676	<=7 días 17.637	7-15 días 8.069	15 días-1 mes 8.419	1-3 meses 4.305	3-6 meses 2.246	424	41.100	51.271
Temporais para discapacidade	1.160	-	-	-	-	-	-	1.160	1.160	-
De relevo	769	24	<=7 días 4	7-15 días 1	15 días-1 mes 3	1-3 meses 6	3-6 meses 10	745	769	-
Xubilación Parcial	1.417	17	<=7 días 11	7-15 días -	15 días-1 mes -	1-3 meses 1	3-6 meses 5	1.237	1.254	163
Substitución xub. 64 anos	17	-	-	-	-	-	-	17	17	-
Prácticas	5.077	3.427					<=6 meses 3.427	1.650	5.077	-
Formación	11.987	3.329					<=6 meses 3.329	8.658	11.987	-
Outros	16.441	15.122	<=7 días 13.983	7-15 días 16	15 días-1 mes 11	1-3 meses 21	3-6 meses 1.091	411	15.533	908
Total	812.951	500.586	<=7 días 77.711	7-15 días 10.872	15 días-1 mes 268.316	1-3 meses 86.839	3-6 meses 56.848	27.749	528.335	284.615
% / total	100	61,6	9,6	1,3	33,0	10,7	7,0	3,4	65,0	35,0

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

2.1.25.

En termos absolutos, dos aproximadamente 70 mil parados rexistrados máis en 2015 que os existentes en 2008, o 81% (57.258 persoas máis) pertencen ao sector servizos, o 13% ás actividades da construción (9.167 parados máis), un 6% ao sector industrial (4.322 persoas) e un 4,8% ás actividades do sector primario (3.429).

Contratación

O número de contratos asinados en Galicia no ano 2015 continúa a tendencia ascendente dos últimos anos, sendo un 11,7% superiores aos asinados no ano anterior, o que supón 91.641 contratos máis. No ano 2015 asináronse en Galicia 877.834 contratos, o 4,7% do total estatal.

Do total de contratos, o 97%, 853.667 corresponden a contratos iniciais, e 24.167 a contratos convertidos en indefinidos.

O incremento de contratación no ano 2015 favorece tanto aos contratos de duración in-

definida como aos de duración temporal, sen distinción de sexo (**cadro 2.1.23.**). En relación ao ano anterior, o número total de contratos indefinidos increméntase nun 2,4%, porcentaxe notablemente menor á taxa rexistrada no conxunto do Estado (10,1%), situándose nos 40.672 contratos (só 960 contratos máis), dos que 21.337 foron asinados por homes (440 máis que no ano precedente) e os 19.335 contratos restantes (520 máis), por mulleres.

Dos 863 novos contratos indefinidos ordinarios e de fomento do emprego asinados en Galicia no ano 2015, 512 son asinados por mulleres, e 351 por homes. Por grupos de idade, tanto para homes como para mulleres, o maior número de contratos se concentra en persoas maiores de 45 anos, co 84% do incremento. (**cadro 2.1.24.**).

Dos sinalados 863 novos contratos indefinidos ordinarios asinados en Galicia, 772 son a xornada completa, 201 a xornada parcial, compensando a redución de 110 contratos

fixos descontinuos. O 63% dos novos contratos a xornada completa son asinados por homes, mentres que o 67% dos novos contratos a xornada parcial foron asinados por mulleres.

No que respecta á contratación temporal, no último ano rexistráronse un total de 813 mil contratos de duración temporal (93% do total de contratos asinados en 2015 en Galicia), dos que 429 mil foron asinados por homes (44 mil contratos máis) e os restantes 384 mil, por mulleres (44 mil contratos máis). O índice de rotación no emprego (número de contratos iniciais asinados entre o número de asalariados temporais) foi no ano 2015 de 4,3 contratos por asalariado temporal, semellante ao índice do ano 2014.

No último ano aumentan os contratos iniciais de duración temporal, nun 12,2%, (2,2 puntos porcentuais máis que no conxunto do Estado), o que implica 88.591 contratos temporais máis que no ano 2014. Tendo en conta os tipos de contratos de duración temporal, obsérvase un importante crecemento dos contratos eventuais segundo circunstancias da produción e dos contratos por obra e servizo (47 mil e 27 mil contratos máis que no ano anterior respectivamente). Tan só os contratos de relevo e xubilación parcial descenden en relación ao ano anterior.

Os contratos eventuais segundo circunstancias da produción e os de obra ou servizo seguen sendo os máis numerosos, ao acoller o 47% e o 37% da contratación temporal total, respectivamente. As porcentaxes de homes que asinan contratos de obra ou eventuais a tempo completo son maiores que para o caso das mulleres, e de xeito paralelo, as mulleres asinan máis contratos de obra ou eventuais a tempo parcial.

A consecuencia do peso relativo dos contratos por obra ou servizo determinado, máis do 30% dos contratos temporais (284.615

	Total	
	2014	2015
Indefinido ordinario (bonif./no bonif.)	39.301	40.164
Persoas con discapacidade	411	508
Obra ou servizo	277.290	304.413
Eventual circunstancias produción	332.063	379.299
Interinidade	80.523	92.371
Temporal persoas discapac.	1.014	1.160
Relevo	1.041	769
Xubilación parcial	1.527	1.417
Sustitución xubilación 64 anos	12	17
Prácticas	3.629	5.121
Formación	10.000	11.987
Outros contratos	17.305	16.441
Total	764.116	853.667

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

● 2.1.26.

contratos) teñen unha duración indeterminada. Entre os contratos cunha duración concreta, só unha mínima parte asínanse por máis de seis meses (só 27.152 dun total de 539.360 contratos). A este respecto, e tal como se mostra no **cadro 2.1.25.**, a metade dos contratos temporais de duración determinada asinados en Galicia no ano 2015 tiveron unha duración inferior a unha semana.

En canto á distribución sectorial dos contratos iniciais no ano 2015, o **cadro 2.1.27.** mostra como setenta e sete de cada cen contratos son asinados polo sector servizos, acollendo a industria o 14,2%, a construción o 5,6% e o restante 3,1% o sector primario. De xeito máis detallado, o 21,2% das contratacións pertencen á rama de "Hostalería", con 181 mil contratos, por diante do "comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor", con 96 mil contratos (o 11,3%); o "Transporte e almacenamento", con 80 mil contratos (9,4%) e das "actividades administrativas e servizos auxiliares", con 71 mil contratos, o 8,3 % dos totais.

Comparado co total estatal, cómpre salientar o peso relativo da contratación das industrias extractivas, que representan o

datos iniciais de traballo 2014-15: distribución segundo sector económico

15/14 (%)	Agricultura			Industria			Construcción			Servizos		
	2014	2015	15/14 (%)	2014	2015	15/14 (%)	2014	2015	15/14 (%)	2014	2015	15/14 (%)
2,2	3.784	3.551	-6,2	4.135	4.038	-2,3	3.147	3.032	-3,7	28.235	29.543	4,6
23,6	11	11	0,0	41	48	17,1	20	37	85,0	339	412	21,5
9,8	15.227	16.714	9,8	46.524	51.804	11,3	31.324	32.917	5,1	184.215	202.978	10,2
14,2	4.647	5.368	15,5	43.790	52.851	20,7	9.690	10.146	4,7	273.936	310.934	13,5
14,7	979	1.101	12,5	8.796	10.379	18,0	336	409	21,7	70.412	80.482	14,3
14,4	17	22	29,4	132	162	22,7	47	70	48,9	818	906	10,8
-26,1	1	-	-100,0	321	176	-45,2	8	20	150,0	711	573	-19,4
-7,2	3	8	166,7	582	493	-15,3	37	62	67,6	905	854	-5,6
41,7	-	-	-	-	-	-	-	-	-	12	17	41,7
41,1	6	18	200,0	564	797	41,3	205	360	75,6	2.854	3.946	38,3
19,9	181	214	18,2	744	882	18,5	758	855	12,8	8.317	10.036	20,7
-5,0	8	9	12,5	28	15	-46,4	131	94	-28,2	17.138	16.323	-4,8
11,7	24.864	27.016	8,7	105.657	121.645	15,1	45.703	48.002	5,0	587.892	657.004	11,8

Contratos de traballo en Galicia e España 2015: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia/ España
	(% / total)	(%)	(% / total)	(%)	
Sector primario	27.016	3,2	2.729.221	15,1	1,0
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	27.016	3,2	2.729.221	15,1	1,0
Industria	121.645	14,2	1.817.068	10,0	6,7
Industrias extractivas	714	0,1	8.386	0,0	8,5
Industria manufacturera	116.467	13,6	1.709.289	9,4	6,8
Suministro enerxía eléctrica, gas, vapor e A.A.	310	0,0	5.676	0,0	5,5
Sum. agua, act. saneam., xestión de residuos e descontaminación	4.154	0,5	93.717	0,5	4,4
Construcción	48.002	5,6	1.145.559	6,3	4,2
Servizos	657.004	77,0	12.405.727	68,5	5,3
Comercio por xunto e polo mlúdo, reparación vehículos motor.	96.765	11,3	1.812.009	10,0	5,3
Transporte e almacenamento	79.942	9,4	1.011.639	5,6	7,9
Hostalería	181.011	21,2	3.359.505	18,6	5,4
Información e comunicación	14.707	1,7	375.043	2,1	3,9
Actividades financeiras e seguros	4.624	0,5	97.530	0,5	4,7
Actividades inmobiliarias	1.337	0,2	47.490	0,3	2,8
Activ. prof. cient.e tecn.	24.051	2,8	547.333	3,0	4,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	71.268	8,3	1.705.064	9,4	4,2
Admón. publ. def. e sso.	20.501	2,4	515.503	2,8	4,0
Educación	30.271	3,5	566.990	3,1	5,3
Activ. san. e serv. soc.	42.332	5,0	1.093.395	6,0	3,9
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento.	56.430	6,6	728.770	4,0	7,7
Outros servizos	23.545	2,8	310.805	1,7	7,6
Actividades do fogar	10.204	1,2	230.422	1,3	4,4
Act. de organiz. e organismos extra-territoriais	16	0,0	4.229	0,0	0,4
Total	853.667	100,0	18.097.575	100,0	4,7

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

2.1.27.

Contratos de posta a disposición nas CC.AA. 2014-15

	2014	2015	15/14
Andalucía	284.909	314.341	29.432
Aragón	94.099	107.144	13.045
Asturias	35.852	41.216	5.364
Baleares	18.597	18.901	304
Canarias	97.320	107.554	10.234
Cantabria	31.249	38.489	7.240
Castela - A Mancha	77.471	90.825	13.354
Castela e León	130.685	151.326	20.641
Cataluña	485.953	560.787	74.834
C. Valenciana	363.422	429.862	66.440
Extremadura	9.220	11.568	2.348
Galicia	109.169	117.830	8.661
A Coruña	37.887	43.070	5.183
Lugo	6.671	7.564	893
Ourense	5.389	6.277	888
Pontevedra	59.222	60.919	1.697
Madrid	389.125	443.910	54.785
Murcia	330.699	371.893	41.194
Navarra	81.243	93.451	12.208
Pais Vasco	128.308	152.972	24.664
A Ríoxa	22.571	29.419	6.848
Total	2.689.892	3.081.491	391.599

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Empresas de trabajo temporal*

2.1.28.

8,5% do total estatal, así como do transporte e almacenamento, cun 7,9%, das actividades artísticas, recreativas e de entretemento, cun 7,7%, ou das industrias manufactureiras, cun 6,8%.

Atendendo á desagregación sectorial segundo tipo de contrato, no sector servizos destaca polo seu número o contrato eventual por circunstancias da produción, neste senso o 47,3% do total de contratos iniciais do sector servizos son contratos deste tipo, e o 96,6% destes contratos asinados en Galicia no ano 2015 asínanse no sector servizos.

Dos máis de 69 mil novos contratos asinados no sector servizos no ano 2015 en Galicia, 37 mil foron contratos eventuais. O sector no que a contratación indefinida ten un maior peso porcentual é o primario (13,1% do total de contratos), seguido da construción (6,3%); o sector servizos (4,5%) e a industria (3,3%); estes dous últimos sectores se sitúan por debaixo da media galega (4,7%).

Poboación inactiva

A poboación economicamente inactiva comprende a aquelas persoas que se ocupan do seu fogar; estudantes; xubilados ou prexubilados; persoas que perciben unha pensión distinta da de xubilación e de prexubilación; persoas que realizan, sen remuneración, traballos sociais, actividades de tipo benéfico (excluídas as que son axudas familiares); incapacitados para traballar; e outras situacións: en xeral, persoas que, sen exercer actividade económica, reciben axuda pública ou privada, e todas aquelas non incluídas nas categorías anteriores.

En Galicia, o número de inactivos no ano 2015 era de 1.097.500 persoas, o 7% do total estatal. Corenta e seis de cada cen inactivos galegos son persoas cunha pensión de xubilación ou prexubilados (506.200 persoas), que representan o 8,5% do total do Estado. En segundo lugar en canto a número de persoas, están as dedicadas a "labores do fogar", con 213.400 persoas,

Poboación inactiva en Galicia e España 2008-15 ⁽¹⁾: distribución segundo sexo e clase de inactividade

	2008	Galicia 2014	2015	2015/08
				(%)
Total	1.086,3	1.094,7	1.097,5	1,0
Homes	422,8	465,3	467,4	10,5
Mulleres	663,5	629,5	630,1	-5,0
Estudiante	147,9	135,9	144,0	-2,6
Homes	65,5	67,8	71,1	8,5
Mulleres	82,4	68,2	72,9	-11,5
Xubilado	468,4	508,2	506,2	8,1
Homes	263,3	291,5	290,1	10,2
Mulleres	205,2	216,7	216,1	5,3
Labores do fogar	240,0	217,7	213,4	-11,1
Homes	21,6	32,7	28,4	31,5
Mulleres	218,4	185,1	185,0	-15,3
Incapacidade permanente	111,8	93,9	91,6	-18,1
Homes	50,8	49,2	47,6	-6,3
Mulleres	61,0	44,7	44,0	-27,9
Perceptor de pensión distinta á de xubilac./prexubilac.	97,6	121,6	123,9	26,9
Homes	8,6	12,5	16,6	93,0
Mulleres	89,0	109,1	107,3	20,6
Outra	20,5	17,3	18,4	-10,2
Homes	13,0	11,7	13,6	4,6
Mulleres	7,5	5,7	4,9	-34,7

	2008	España 2014	2014	2014/08
				(%)
		(en miles de persoas)		
Total	15.324,6	15.560,0	15.575,5	1,6
Homes	5.747,8	6.415,3	6.433,6	11,9
Mulleres	9.576,7	9.144,7	9.141,9	-4,5
Estudiante	2.259,2	2.372,6	2.491,7	10,3
Homes	1.049,9	1.169,8	1.226,1	16,8
Mulleres	1.209,3	1.202,8	1.265,6	4,7
Xubilado	5.181,3	5.885,7	5.968,7	15,2
Homes	3.503,7	3.859,5	3.901,8	11,4
Mulleres	1.677,6	2.026,2	2.067,0	23,2
Labores do fogar	4.606,3	3.939,5	3.791,9	-17,7
Homes	285,6	424,2	356,5	24,8
Mulleres	4.320,8	3.515,3	3.435,5	-20,5
Incapacidade permanente	1.099,8	1.272,9	1.207,7	9,8
Homes	472,9	583,9	560,8	18,6
Mulleres	627,0	689,0	646,9	3,2
Perceptor de pensión distinta á de xubilac./prexubilac.	1.796,6	1.751,5	1.768,5	-1,6
Homes	170,5	154,2	161,6	-5,2
Mulleres	1.626,0	1.597,2	1.606,9	-1,2
Outra	381,3	337,8	347,0	-9,0
Homes	265,2	223,7	226,9	-14,4
Mulleres	116,1	114,2	120,1	3,4

(1) en medias anuais
Fonte: INE, EPA

● 2.1.29.

maioritariamente mulleres (86,7%) (**cadro 2.1.29.**).

Novamente no ano 2015, tal como acontece dende 2013, a poboación inactiva aumenta en 2.800 persoas, un 0,3% en relación ao ano anterior. Este aumento ten maior intensidade en homes (2.100 inactivos máis), que en mulleres, con 600 máis en situación de inactividade.

Dentro das causas de inactividade, só se produciron incrementos no número de estudantes (8.100 máis) e nos perceptores de pensión distinta á de xubilación/prexubilación (2.300 máis); o número de persoas xubiladas, (2.000 menos), dedicadas ás labores do fogar (4.300 menos) ou incapacitadas permanentes (2.300 menos), redúcese. 